

Portal de servizos e recuperacion de contrasinal

Se
arch

AxudaTIC

INCIDENCIAS E SOLICITUDES

Incidencias

[Informar dunha incidencia do servizo](#)

* só para incidencias relativas ao portal <https://servizos.udc.es>

Para outras incidencias de ferramentas ou aplicacións buscar dentro de AxudaTIC o servizo correspondente no catálogo para dala de alta

INSTRUCCIÓN DE USO

[Indicacións para asegurar a conta de usuario de servizos da UDC \(de accesos ao correo e outras aplicacións\)](#)

[Instrucións en caso de roubo do contrasinal](#)

APLICACIÓNS

Acceso ao p

Recuperaci

Autosincron

DESCRIPCIÓN DO SERVIZO

COMO RECUPERAR OS DATOS DA TÚA CONTA DE SERVIZOS

1

Se tes conta de correo electrónico de recuperación

Se tes configurada unha conta de correo electrónico de recuperación, só tes que acceder ao enderezo: <https://servizos.udc.es/activacion/recuperar-contrasinal> para asignar unha nova contrasinal. Ao facer click nesta opción deberás introducir o teu usuario de servizos (**sen @udc.es**) e o sistema enviarache un correo a esta conta que teñas de recuperación para poder poñer un contrasinal novo.

Lembrámosche que en calquera momento podes establecer unha conta de correo electrónico de recuperación por se esqueces o teu contrasinal. Entra no teu perfil de servizos <https://servizos.udc.es> para establecer esa conta de correo electrónico e así poderemos enviarche unha mensaxe que che permita acceder nestes casos.

Nota:

- Por cuestións de seguridade, o enderezo para a petición de recuperación de contrasinal (<https://servizos.udc.es/activacion/recuperar-contrasinal>) e o posterior enlace de recuperación incluído no correo electrónico enviado ao usuario, **soamente se poderán executar dende un dispositivo conectado ás redes da universidade.**

Ver máis:

- [Podes ver aquí os pasos e un vídeo sobre como recuperar o meu contrasinal de servizos a través da conta de recuperación que teño configurada](#)
- [Como poño un correo de recuperación en caso de non telo](#)

2

Se non tes conta de correo de recuperación pero si tes certificado dixital da FNMT

Se tes un certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT) podes acceder con el á túa conta de servizos no portal <https://servizos.udc.es> e configurar unha conta de correo de recuperación dentro do menú "o teu perfil" co que poderás executar xa o punto 1.

Ver máis:

- [Podes ver aquí os pasos e un vídeo sobre como recuperar o meu contrasinal de servizos co meu certificado dixital da FNMT](#)

3

Se non tes correo electrónico de recuperación o tampouco certificado dixital da FNMT

ALUMNADO

Debes dirixirte á administración ou secretaria do teu centro ou poñerte en contacto con eles. [Aquí poderás consultar todos os datos para contactar.](#)

TRABALLADOR/A

- Paso 1: Deberás contactar co CAU a través do teléfono (981 167000, extensión 2222) ou do correo cau.sic@udc.es
- Paso 2: O CAU solicitarache que te identifies, polo que debes ter a mano o teu DNI.
- Paso 3: O CAU facilitarache un novo contrasinal